

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL  
CORRESPONDENTE O DÍA 2 DE DECEMBRO DE 2013.-**

Na Casa Consistorial do Concello de Ribadavia, o día dous de decembro de dous mil trece; a unha e media do mediodía xúntanse os señores que de seguido se sinalan para celebraren a sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local correspondente a esta data: Alcalde-Presidente Don Marcos Blanco Jorge.- Concelleiros: Don José Prieto Pérez e Don Javier Iglesias Sendin.

Está presente o Secretario do Concello, Don Pablo Portela Fernández.  
Está presente o Interventor do Concello, Don Vicente Soto Rodríguez.

Aberta a sesión polo Sr. Alcalde, pásase de seguido ó estudio dos asuntos que conforman a anunciada Orde do Día, que resultan se-los seguintes:

**1.- ACTA ANTERIOR.-**

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, aproba o borrador da Acta da sesión anterior, que foi a celebrada o pasado dezaoto de novembro de dous mil trece (ordinaria).

**2.- OBRAS MAIORES.-**

**EXPEDIENTE RIB/N/C.212./12 DE LICENCIA DE PRIMEIRA OCUPACIÓN.-**

Visto o escrito de Dona Sheila Chao Tizón, onde solicita licencia de primeira ocupación para edificación sita na Rúa Muiño nº7, San Cristovo.

Visto o informe da Arquitecto Municipal de data 19 de novembro do 2013.

Visto o Informe Xurídico de data 02 de decembro do 2013 .


A Xunta de Goberno Local, en uso das facultades delegadas pola Alcaldía, por unanimidade dos asistentes, acorda:

**Primeiro.-** Conceder Licenza de PRIMEIRA OCUPACIÓN a Dona Sheila Chao Tizón, onde solicita licencia de primeira ocupación para edificación destinada a vivenda unifamiliar sita na Rúa Rúa Muiño nº7, San Cristovo, con referencia catastral nº 14442/36.

**Segundo.-** Comunicar o presente acordo ao interesado.

**3.- ESCRITOS DOS SEÑORES CIDADÁNS.-**

Non houbo.-



#### **4.- ESCRITOS OFICIAIS.-**

A Xunta de Goberno Local toma coñecemento dos seguintes:

1. Comunicación da Confederación Hidrográfica del Miño-Sil con data RE 20 de novembro de 2013 N° RE 5596, relativo a requerimento de documentación.
2. Comunicación da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, Augas de Galicia con data RE 20 de novembro de 2013 N° RE 5605, relativo a “requerimento de ingreso da achega correspondente ao Concello de Ribadavia para o financiamento da obra “Mellora de abastecementos na Comunidade Autónoma. Ampliación e renovación da rede de abastecemento na zona de Ventosela. Ribadavia (Ourense)”.
3. Comunicación do Valedor do Pobo con data RE 28 de novembro de 2013 N° RE 5701, relativo a recepción de escrito remitido polo Concello de Ribadavia sobre arranxo de camiño de As Velas.

#### **5.- CUESTIONS ECONÓMICAS E ASUNTOS VARIOS.-**

##### **ADXUDICACIÓN CONTRATO DE SUMINISTRO.-**

Vista a tramitación da licitación do contrato menor de suministro de materiais de limpeza para o pabellón por importe de 3.500 euros como máximo, e comprobado que a empresa Kifort xa ten presentado no ano 2012 a documentación exixida para celebración de contrato menor relativa a capacidade, e comprobada a existencia de consignación pesupuestaria mediante informe de intervención de data 02 de decembro de 2012.

A Xunta de Goberno Local acorda por unanimidade dos seus asistentes, acorda adxudicar o contrato de suministro de materiais de limpeza para o pabellón, polo prazo dun ano, a empresa Kifort S.L, por un importe máximo de 3.500 euros, IVE incluído.

##### **CAMBIO TITULARIDADE DEREITO FUNERARIO**

Visto o escrito presentado por Dona María Miguélez Domínguez, no que solicita o cambio de titularidade de dereito funerario, sobre a sepultura 152 T do cementerio municipal e comprobado que as herdeiras de Don José Miguélez Ramos, actualmente falecido, Dona Manuela e Dona Josefa Miguélez Domínguez, renuncian aos seus dereitos en favor de Dona María Dolores Miguélez Domínguez.

A Xunta de Gobeno Local, por unanimidade dos asistentes, acorda autorizar a tramisión do dereito do aproveitamento funerario sobre a sepultura 152 T do cementerio municipal a nome de Dona María Dolores Miguélez Domínguez, que deberá cumprir coas seguintes condicións:

1. Queda terminantemente prohibido o aluguer ou venda de nichos .
2. Non se autorizará ningunha inhumación ou exhumación en nichos a perpetuidade, sepultura construída, panteón ou mausoleo sen que se presente o oportuno permiso asinado polo titular do dereito de uso.



3. As cesións a perpetuidade, tanto de terreos para panteóns ou mausoleos, coma de nichos e sepulturas construídas, enténdense outorgadas por todo o tempo durante o cal se utilice o cemiterio, non tendo dereito os cesionarios a indemnización algunha, nin tampouco polas construcións, cando por calquera causa se clausurase o cemiterio.
4. Se o Concello, por reforma do cemiterio ou outra causa, distinta do acordo de clausura, suprimise algunha destas sepulturas perpetuas, asignará ao concesionario outro terreo en sitio distinto, con dereito a indemnización pola construción que deba desalojar.
5. É obriga dos titulares do dereito de uso dos panteóns ou mausoleos, nichos e sepulturas construídas, o coidado das debidas condicións de hixiene, ornato e conservación.
6. Cando estas construcións fosen desatendidas dando lugar a que aparezan en estado de ruína ou abandono, co conseguinte perigo ou mal aspecto, o Concello poderá demolelas e retirar cantos atributos e obxectos se encontren na sepultura, trasladando os restos que puidese conter ao osario común, sen que poida esixírselle indemnización algunha.

#### **CORRECCION DE ERRO.-**

Habéndose advertido un erro no acordo da Xunta de Goberno Local de data 18.11.2013, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, acorda correxi-lo quedando o mesmo do seguinte xeito:

#### **APROBACION DE PADRON COBRATORIO.-**

“A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, presta aprobación o Padrón cobratorio da Taxa de Alcantarillado 2012, por importe de 63.354,02 euros.”


#### **LIQUIDACION DE TAXA POLA OCUPACION DE TERREOS DE USO PUBLICO CON MESAS E CADEIRAS.-**

A Xunta de goberno Local, por unanimidade, presta a aprobación as seguintes liquidacións:

1.- Da Taxa pola ocupación de terreos de uso público por mesas, cadeiras e elementos auxiliares con finalidade lucrativa, no mes de Outubro 2013, por importe de 988,90 euros, de acordo coa liquidación feita pola Intervención e que se adxunta a esta Resolución.

#### **XERACIÓN DE CRÉDITOS N°8/13.-**

“A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, presta aprobación o Expediente de xeración de créditos n°8 /13, por importe de 3.000 euros con cargo a compromisos firmes doutras Administracións Públicas para financiar gastos que pola natureza son competencia desta Administración Municipal”.



**6.-ROGOS E PREGUNTAS QUE SE FORMULEN  
REGULAMENTARIAMENTE.-**

Non houbo.-

E sendo as dúas do mediodía, o Sr. Alcalde, ergueu a sesión, estendéndose a presente,  
do cal, coma Secretario, certifico.

